

‘A vida a arder’, relatos na boa dirección

Eva Moreda.

Abril de 2026

<https://biosbardia.org/a-vida-a-arder-relatos-na-boa-direccion/>

A vida a arder, do poeta e narrador Abraham Pérez, é unha colección de relatos que deita, ao meu ver, un saldo máis positivo que negativo. Digo isto, sobre todo, pola ambición literaria. O relato é un xénero que ás veces se ten presentado como feito diferencial literario galego (fronte á novela, que supostamente se nos resiste máis), pero tamén é certo que non é un xénero que goce actualmente dunha posición moi central no noso sistema literario: semella demasiado confundido, por unha banda, coa autoficción e o ensaio persoal; por outra, cunha certa caste de proceso de aprendizaxe (autor ou autora que xunta nun libro relatos de voces, temáticas e estilos diversos escritos como por exercitarse e que non rematan de callar nunha visión propia).

Ningún deles é o caso de Pérez: se cadra si hai algo máis do primeiro, de experiencia vital, pero en ningún caso se renuncia a facer relato entendido como xénero de ficción clásico; por outra banda, os relatos teñen un factor unificador claro, que é o retrato dun universo e sobre todo unha subxectividade urbanas e contemporáneas. Pode semellar un tópico falar de “retrato xeracional”, pero creo que Pérez si intenta facelo, ás veces con demasiado afán.

Penso que Pérez é consciente de que o urbano (non simplemente como espazo físico, senón como condición e estado mental) xa non se pode tratar como se tratou na literatura galega cando este tema comezaba a agromar (é dicir, nos 80 e 90): con esaxeración naturalista, certa euforia e pintoresquismo. Daquela, o relato do urbano aínda estaba moi mediatizado pola aldea e polo feito de que a maioría de lectores, e seguramente autores, aínda tiñan o rural ben na cabeza, xa fose por proceder directamente de alí, xa fose por telo aínda moi presente na xeración anterior. Aquí o rural non é contrapunto, e paréceme moi ben.

A pexa que lle vexo aos relatos, porén, é que non se proporciona sistematicamente unha ollada alternativa coherente que sexa orixinal, propia. A leve alienación, o descontento vital que senten a maioría de personaxes destes relatos, non estarían fóra de lugar nunha morea de libros de relatos estadounidenses que tratan temas semellantes desde Richard Ford ou, mesmo desde antes: desde Richard Yates (con algunhas excepción, como por exemplo as chiscadelas aos graduados da Facultade de Filoloxía da USC, un grupo de xente que me atrevo a dicir que se atopa sobrerrepresentado no conxunto do *escritorado* galego). Mesmo a nivel estilístico hai unha preferencia pola frase curta, abrupta, que non podo deixar de pensar que non se acomoda ben á estrutura dunha lingua romance. Eu entendo que hoxe en día se cadra as subxectividade urbanas se están a aliñar en todo o mundo debido a factores coñecidos por todos; desde ese punto de vista non vexo en absoluto criticable que un autor ou autora galega se deixe inspirar

por outros modelos (por exemplo, pensó en Iván García Campos en *Cuestionés vitais secretas*), pero penso que aquí si fai falta un pouco máis de elaboración orixinal, un pouco máis de preguntarse que, se o vello xeito dos galegos e galegas de relacionarse coa vida urbana e as súas incertezas morreu, que foi o que veu encher o seu sitio.

Porén, *A vida a arder* seméllame un traballo con abondos méritos como para recomendalo. Porque, aínda que o resultado non sexa sempre de todo aquelado, revelan o traballo dun autor preocupado pola voz, o ton, a ollada, o estilo: en definitiva, todo o que constitúe unha obra literaria.